

VALENTÍN PAZ-ANDRADE (Lérez, Pontevedra 1898-Vigo, 1987) foi persoa de múltiples ocupacións e difícil clasificación: xornalista, avogado, economista, investigador literario e histórico, intelectual e activo político. Entre os acontecementos que viviu, están a ditadura militar de Primo de Rivera, a República, a frustración da autonomía galega, a Guerra Civil e a ditadura militar de Francisco Franco, a restauración monárquica, a recuperación democrática e o novo Estatuto. Atopou respostas, cando mozo, nas ideas do nacionalismo galego que confluiron na fundación do Partido Galeguista, do que formou parte. Fundou e dirixiu o diario *Galicia*, unha experiencia referencial na historia do xornalismo galego. Foi candidato galeguista nas eleccións de 1931, 1933 e 1936 e sobreviviu á ameaza mortal do golpe militar de Franco. Participou como profesor nos cursos de pesca que organizou a FAO en diversos países latinoamericanos. As súas ideas de vincular o futuro político de Galicia co desenvolvemento económico artículáanse en ensaios fundamentais como *Galicia como tarefa* (1957) ou *La marginación de Galicia* (1970), ademais de dar soporte teórico e práctico a empresas como Pescanova. Representou a Galicia na Comisión negociadora da Transición, entre outros con Jordi Pujol, Felipe González e Santiago Carrillo. Foi senador de 1977 a 1979 e defensor da autonomía desde posicións críticas.

Como poeta, escribiu *Pranto matricial*, *Sementeira do vento* e *Cen chaves de sombra*; como ensaísta, *A galecidade na obra de Guimarães Rosa e Galiza lavra a sua imagem*, e, como biógrafo de Castelao, a súa obra monumental *Castelao na luz e na sombra*.

VALENTÍN PAZ-ANDRADE

1898 - 1987

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2012




DIRECCIÓN, EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN
Avenida de Madrid, 44 baixo - 36204 VIGO
Tel.: 986 432 100 - Fax: 986 223 205
galaxia@editorialgalaxia.com
www.editorialgalaxia.com

EDITORIAL GALAXIA

DELEGACIÓN COMERCIAL E ALMACÉN
Travesía de Vigo, 71, soto - 36206 VIGO
Tel.: 986 372 279 - Fax: 986 262 734
pedidos@editorialgalaxia.com

EDITORIAL GALAXIA



Valentín Paz-Andrade
Antoloxía
Edición e limiar de
Xan Carballa

Letras Galegas
168 páxinas
190 X 135 mm
PVP: 12 €

Con selección de textos e edición a cargo de Xan Carballa, esta *Antoloxía* recolle o labor de Valentín Paz-Andrade como poeta, xornalista e ensaísta. Inclúe o texto íntegro de *Pranto matricial*, o seu poemario máis coñecido; ademais dunha biografía sintética e unha introdución á obra literaria. Para un achegamento de primeira man á figura multifacética de Paz-Andrade.



Xan Carballa
*Biografía de
Valentín Paz-Andrade*

Letras Galegas
192 páxinas
190 X 135 mm
PVP: 12 €

O xornalista Xan Carballa achéganos ao homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2012. Amena, rigorosa e ben documentada, esta biografía é un completo percorrido pola traxectoria vital do ensaísta, poeta e político. Unha vida que atravesou o século XX, desde a ditadura de Primo de Rivera á Transición. O retrato dun home que, nas súas múltiples facetas profesionais, sempre mantivo o compromiso con Galicia e a súa cultura.



Valentín Paz-Andrade
*Castelao na luz
e na sombra*

Grandes biografías
Tapa dura
220 X 150 mm

Amais do poemario *Pranto matricial* e dun considerable número de ensaios e artigos, Valentín Paz-Andrade dedicoulle ao autor de *Sempre en Galiza* a súa monumental biografía: *Castelao na luz e na sombra*. Escribía entre abril de 1980 e outubro de 1981; o libro publícase ao ano seguinte, cando o autor xa pasa dos oitenta anos. Antes, Paz-Andrade realiza un intenso traballo de investigación e documentación, de recompilación de textos e de consultas con testemuñas. No ano 1986, Edicións do Castro tira do prelo a segunda edición, corrixida e aumentada, da que se parte para a que publicamos agora, outra volta revisada, co gallo do Día das Letras Galegas.

“Valentín Paz Andrade, unha ducia de anos máis novo que Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, coñeceu, conviviu e mesmo foi amigo deste. Compartillaron un tempo, un proxecto e, xa que logo, había complicidade entre eles ata xullo de 1936. Logo o vento da intolerancia, dos outros, esgallounos. Con gran parte desa memoria, a súa autobiografía, e coa dos compañeiros que sobreviviron, que lle forneceron e completaron datos, compuxo a biografía que aniñaba no seu maxín.”

Do limiar de Miguel Anxo Seixas

Velaquí a biografía dunha das figuras fundamentais da historia de Galicia. *Castelao na luz e na sombra* tamén retrata un período importante da historia do noso país a través dun dos seus protagonistas. Paz-Andrade combina o papel de biógrafo co de historiador, a erudición e a documentación co pulo e a vocación literaria.